



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Modificación da data de toma de posesión como funcionario de carreira do Concello de Carral de don Diego Alfredo Dopico Furelos (**1338**) logo de aceptar a xustificación presentada por este.

EXPEDIENTE: 2025/E001/000004

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/E001/000169

Con data do 9 de abril de 2026 ditei o decreto 148/2026 que se transcribe literalmente a continuación:

“ASUNTO: Nomeamento de funcionario de carreira do Concello de Carral don Diego Alfredo Dopico Furelos (**1338**).

EXPEDIENTE: 2025/E001/000004

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000159

Vista a acta do tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo que se elevou a esta alcaldía e que se transcribe literalmente a continuación:

“ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A SOBRE PROPOSTA AO ÓRGANO COMPETENTE DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DO CANDIDATO CON MAIOR PUNTUACIÓN E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

PROCESO: auxiliar administrativo/a

ACTA nº 9 (nomeamento funcionario de carreira e formación bolsa emprego)

EXPEDIENTE Nº: 2025/E001/000004

DATA: 12 de marzo de 2026

HORA COMEZO: 10.00 horas

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Salón de plenos do Concello de Carral

ASISTENTES:

Presidente: D^a. Sonia Campos Ares, funcionaria de Carreira do Concello de Carral

Secretario: D^a Eva Jardón López, Funcionaria de habilitación nacional

Vogais:

D^a Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

D^a Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda.

D^a M^a Isabel Carro González, técnica de orientación laboral do Concello de Abegondo.

En Carral (A Coruña) na data e hora ao comezo indicados reúnen as persoas arriba relacionadas, nomeadas por resolución da alcaldía 482/2025, do 30 de outubro de 2025 (BOP nº212, do 5 de novembro de 2025), ao obxecto de propoñer á alcaldía o nomeamento como funcionario de carreira do candidato que acadou a maior puntuación na fase de concurso-oposición do proceso selectivo para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo, grupo C, subgrupo C2, de acordo co recollido na base décimo cuarta das que rexeron o proceso selectivo (BOP nº 88, do 12 de maio de 2025) e formación da bolsa de emprego de acordo tamén co establecido na base décimo terceira logo de que no prazo de alegacións á valoración de méritos da fase de concurso non se presentase ningunha alegación.

Asistindo a Presidenta, a Secretaria e os vogais sinalados e tendo en conta que non houbo alegacións á valoración de méritos, á vista da puntuación total obtida nas probas e na valoración de méritos polos candidatos,

	PRIMEIRO EXAME	SEGUNDO EXAME	VALORACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL	CANDIDATO/A
1	35,5	15,1	22,95	73,55	Dopico Furelos, Diego Alfredo
2	34,5	14,65	22,3	71,45	Pallas Aldao, Sara
3	28	15,35	17,19	60,54	Díaz Solano, Marta
4	32	11,9	11,95	55,85	Alfonso, Serena
5	29,75	12,35	4,7	46,8	Lourés Barreiro, M ^a Belén
6	31,5	14,5	0	46	Fernández Carreira, Inés
7	31,5	10,45	2,29	44,24	Pampín Mariñas, María
8	28	10	0	38	Carballal González, Emma
9	20	11,75	0	31,75	Marciel Calaza, Francisco

o tribunal **por unanimidade ACORDA:**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

PRIMEIRO.- Proponer á alcaldía o nomeamento de don Diego Alfredo Dopico Furelos (DNI ***1338**) como auxiliar administrativo do Concello de Carral, funcionario de carreira do grupo C, subgrupo C2, por ser o candidato que maior puntuación acadou no proceso selectivo para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo.

SEGUNDO.- Proponer a alcaldía a aprobación e formación dunha bolsa de emprego de auxiliar administrativo cos demais candidatos que superaron o proceso selectivo e cuxa orde de prelación vén dada pola puntuación obtida en dito proceso como segue :

	PRIMEIRO EXAME	SEGUNDO EXAME	VALORACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL	CANDIDATO/A
1	34,5	14,65	22,3	71,45	Pallas Aldao, Sara
2	28	15,35	17,19	60,54	Díaz Solano, Marta
3	32	11,9	11,95	55,85	Alfonso, Serena
4	29,75	12,35	4,7	46,8	Lourés Barreiro, M ^a Belén
5	31,5	14,5	0	46	Fernández Carreira, Inés
6	31,5	10,45	2,29	44,24	Pampín Mariñas, María
7	28	10	0	38	Carballal González, Emma
8	20	11,75	0	31,75	Marciel Calaza, Francisco


TERCEIRO.- Solicitar ao candidato proposto para ser nomeado funcionario de carreira que no prazo de cinco (5) días naturais, contados dende a publicación deste documento no taboleiro de anuncios do Concello, presente a documentación sinalada na base décimo quinta das que rexeron este proceso selectivo (BOP nº 88, do 12 de maio de 2025). De non presentarse dita documentación no prazo establecido o candidato perderá a súa condición de proposto e perderá todos os dereitos derivados da superación deste proceso selectivo reuníndose novamente este tribunal para propor á autoridade competente un novo candidato.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 10:09 horas do día da data, estendéndose a presente acta para constancia de todo o acordado, asinándose electronicamente nas datas e horas que figuran á marxe.

A secretaria

A presidenta

As vogais”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

Tendo en conta que nos cinco días naturais habilitados ao efecto o aspirante proposto polo tribunal, don Diego Alfredo Dopico Furelos, presentou a documentación sinalada na base décimo quinta das que rexeron o proceso selectivo (declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente, número de afiliación a Seguridade Social, certificado de conta bancario así como recoñecemento médico).

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, de conformidade co artigo 21.1h) da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de réxime local, co artigo 136 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo RDL 781/1986, de 18 de abril, e co artigo 7 do RDL 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Nomear funcionario de carreira do Concello de Carral, praza de auxiliar administrativo da área de administración xeral, posto da relación de postos de traballo 3.4.2.4, grupo C, subgrupo C2, a:

DON DIEGO ALFREDO DOPICO FURELOS (1338**)**

SEGUNDO.- Aprobar a formación dunha bolsa de emprego de auxiliares administrativos cos demais candidatos que superaron o proceso selectivo e cuxa orde de prelación vén dada pola puntuación acadada no mencionado proceso como segue:

	PRIMEIRO EXAME	SEGUNDO EXAME	VALORACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL	CANDIDATO/A
1	34,5	14,65	22,3	71,45	Pallas Aldao, Sara
2	28	15,35	17,19	60,54	Díaz Solano, Marta
3	32	11,9	11,95	55,85	Alfonso, Serena
4	29,75	12,35	4,7	46,8	Lourés Barreiro, M ^a Belén
5	31,5	14,5	0	46	Fernández Carreira, Inés
6	31,5	10,45	2,29	44,24	Pampín Mariñas, María
7	28	10	0	38	Carballal González, Emma
8	20	11,75	0	31,75	Marcial Calaza, Francisco

TERCEIRO.- Publicar o nomeamento de funcionario de carreira a favor de don Diego Alfredo Dopico Furelos (**1338**) no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado, comunicándolle que deberá tomar posesión o venres 17 de abril de 2026 na Casa do Concello.

QUINTO.- Informar ao funcionario que queda suxeito ao réxime disciplinario establecido no artigo 93 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público así como as incompatibilidades recollidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

SEXTO.- Darlle conta deste decreto ao pleno na vindeira sesión plenaria.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O alcalde

Dou fe, a Secretaria acumulada


José Luis Fernández Mouriño

Eva Jardón López

A base décimo quinta das que rexeron o proceso selectivo (BOP nº 88 do 12 de maio de 2025) establece que “(...) A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da resolución do nomeamento no BOP; de non cumprir co anterior nin existir causa xustificativa, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas non poderán adquirir a condición de persoal funcionario (...)”; o nomeamento foi publicado no BOP nº 69 de data 15 de abril de 2026.

En escrito asinado dixitalmente o 15 de abril de 2026 e presentado electronicamente na mesma data con número de rexistro REGAGE26e00037311743, don Diego Alfredo Dopico Furelos solicita unha nova data de toma de posesión “(...) Visto a imposibilidade de tomar posesión na data sinalada no devandito decreto por mor da tramitación da liquidación de vacacións, excedencia e demais no Concello de Folgoso do Courel onde actualmente presta servizo activo, como así a mudanza e outras cuestións loxísticas. Visto que se contactou telefonicamente dende o Concello de Folgoso para solicitar pospoñer a toma de posesión ata o 4 de maio de 2026 debido á imposibilidade de tramitar as cuestións necesarias debido á falta de persoal(...)”.

Tendo en conta o anterior, ao abeiro das bases que rexeron o proceso selectivo e da lexislación vixente, en uso das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local **RESOLVO**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 // C.L.F.: P-1502100 I

Web: //www.carral.es Sede Electrónica: //sede.carral.es Email: carral@correo.es

PRIMEIRO.- Aceptar a xustificación alegada por don Diego Alfredo Dopico Furelos de non poder tomar posesión como funcionario de carreira deste Concello o 17 de abril de 2026.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado, comunicándolle que deberá acordar co Concello unha nova data de toma de posesión, que en todo caso deberá ser anterior ao 15 de maio de 2026.

TERCEIRO.- Dar conta deste Decreto ao Pleno do Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O alcalde

Dou fe, a Secretaria acumulada

José Luis Fernández Mouriño

Eva Jardón López